

RELATORIO IDEOLÓXICO DE ESQUERDA NACIONALISTA (EN)

As nosas aportacións

O surximento de Esquerda Nacionalista, primeiro como corrente organizada, despois como Partido, dá conta da necesidade que existía no interior do BNG da configuración dun proxecto que complementase o espectro ideolóxico das forzas políticas que cohabitan na Frente. Esta necesidade do nacionalismo galego supuxo unha realidade singular que Esquerda Nacionalista é o único colectivo recoñecido polo BNG cuxo nacemento foi estritamente endógeno.

As expectativas criadas co nacemento da nosa Organización reflectíronse nas diferentes e importantes aportacións que Esquerda Nacionalista ven realizando, tanto no interior como no exterior do BNG, contribuíndo decididamente ao reforzamento organizativo da Frente, e materializándose o noso talante político no proceso de renovación táctica do BNG. Neste punto cumpre significar que estes dous factores teñen conducido ao nacionalismo a se converter na segunda forza política do país, suportado nun programa de goberno recoñecidamente socialista.

A solidariedade, a defensa dos sectores produtivos, o planeamento económico, a convivencia da defensa dos dereitos colectivos cos dereitos individuais, como a defensa da democracia participativa foron os principais elementos que presidiron os contributos que se veñen realizando desde Esquerda Nacionalista, a partir do que nós entendemos que debe ser a democracia. Este postulado ideolóxico configura, xunto co independentismo e o republicanismo, os máis asentados e claros alicerces do noso pensamento ideolóxico.

O independentismo

Certamente, Esquerda Nacionalista segue a defender que o obxectivo último do nacionalismo galego debe ser a constitución dun Estado independente. Serán as circunstancias políticas e o momento histórico os que determinen a súa natureza e a oportunidade da súa configuración. Até entón, Esquerda Nacionalista contribuirá, no seo do BNG ao incremento da consciencia nacional do noso Pobo e á procura, por vías democráticas, dun maior autogoberno, coa vista posta sempre nun futuro Estado galego, que se relacione en pé de igualdade no entramado internacional, rachando de forma definitiva coas tradicionais dinámicas dependentes alentadas polo capitalismo, e que supoña a superación do estadio colonial da nosa Nación.

O republicanismo

A nosa identidade republicana significa a nosa percepción sobre o papel que debe desempeñar a cidadanía na res pública, na tomada de decisións através de modelos de participación a todos os niveis, que saiban combinar a democracia representativa e a democracia participativa. Isto significa a superación do cidadán e da cidadá como meros contribuíntes ou simples actores eleitorais, converténdoo nun verdadeiro axente na actividade propia da esfera pública e na tomada e implementación das accións políticas.

Socialismo Democrático: “Os Socialistas galegos somos nós”

Evidentemente, estas variábeis son interpretadas desde a esquerda como eixo artellador de toda a nosa visión política. No entanto, asumindo a amplitude conceptual que supón o termo esquerda e atendendo a unha serie de circunstancias que rodean a vida partidaria da nosa Organización, cumpre a elaboración de certos matices e de certas consideracións no que se pode entender como o decorrer ideolóxico de Esquerda Nacionalista. Estes matices e consideracións son propios da evolución de toda entidade política, que co paso do tempo, vai delimitando cada vez máis o seu plano ideolóxico en permanente confrontación dos seus postulados ideolóxicos coa súa praxi política e coa realidade da sociedade na que está inserida.

Efectivamente, o noso Partido é o resultado da reflexión sobre o nacionalismo desde a esquerda, nun proceso continuado no cal van apousando ao longo do tempo as interpretacións derivadas das análises da realidade social, política e económica. Isto é dado que a sociedade é mutábel, as organizacións que pretenden artellar respostas e solucións ás demandas, deben expresar a súa permeabilidade perante as mudanzas sociais. Neste sentido, Esquerda Nacionalista protagonizou, na medida en que fai parte do BNG, o ascenso electoral do nacionalismo gaego, fruto da ósmose da Frente perante as necesidades da nosa concidadanía. Mais o papel desempeñado polo noso Partido neste aspecto é ben diferenciado. O BNG e a maior parte das forzas políticas que o integran, son a proba viva da readaptación dunha herdanza rupturista a outro modelo que supuxo a consecución de melloras para o nacionalismo galego e para a cidadanía galega na súa expresión nacional. Esquerda Nacionalista, sendo o fruto endóxico do BNG non tivo que atravesar este período de readaptación, senón que apuntalou e contribuíu a apuntalar ese proceso.

Por outro lado unha das principais conclusións atirada da nosa Conferencia Nacional de 15 de Marzo de 1997, establecía que unha das nosas liñas de actuación prioritaria debía ir encamiñada através da nosa nítida mensaxe progresista e nacionalista a achegar a nós a todo o segmento social defraudado polo PSOE. Con isto tamén se contribuíu ao reforzamento organizativo e electoral da Frente xa que a demostración efectiva do noso

Partido como a forza progresista, solidaria de esquerdas aproxima a sectores sociais do País que até o de agora permanecían afastados do proxecto nacionalista.

A efectivización da máxima *os socialistas galegos somos nós* debe ir aparelhada dunha explicitación de Esquerda Nacionalista como a Organización do socialismo democrático do nacionalismo galego.

O marxismo

Certamente, os postulados ideolóxicos defendidos polo noso Partido entroncan cos grandes temas da esquerda que foron constantes na historia contemporánea, polo que os nosos principios ideolóxico-políticos sempre estiveron vencellados á interpretación da realidade social desde unha óptica que entronca coa cultura do marxismo ideolóxico. Esquerda Nacionalista, na medida en que se define como socialista, asume o Materialismo Dialéctico como método de análise da realidade social, política e económica, pero non aplica mecánica e sistematicamente o pensamento marxista como fonte de respostas ás demandas da sociedade. A aposta decidida do noso Partido pola xustiza social, a cobertura de necesidades sociais, o igualitarismo, a primacía dos dereitos colectivos e a salvagarda dos dereitos e liberdades individuais explican brevemente o noso entroncamento co socialismo e a democracia.

O Socialismo e a cuestión nacional

Debemos ser conscientes das dificultades históricas que atravesou o socialismo na súa vontade de conciliar as problemáticas nacionais coas súas propostas ideolóxicas, principalmente coa súa componente internacionalista. Os esforzos dos austromarxistas após a II Internacional e as categóricas respostas dadas desde o leninismo contribuíron a avanzar nesta cuestión. Sendo estas fontes das que soubo beber o nacionalismo galego de esquerda, hai que esperar ao acondicionamento ideolóxico que se realiza nos anos sesenta e setenta das aportacións de Lafont, Fanon e de Nairn e Hetcher. Co proceso de descolonización do Terceiro Mundo, o asentamento da interpretación estrutural-funcionalista do marxismo (coa colaboración das teorías da dependencia e do conflito), e o surximento de conceptos como o de colonialismo interior, o nacionalismo galego topa vías de resposta para a conxugación teórica e práctica da súa actuación desde a esquerda, que con diferentes releituras foron validadas até a actualidade. Esquerda Nacionalista asume que a liberación nacional debe pasar inexorablemente polo traslado das decisións económicas, sociais e políticas a mans do noso País, através de mecanismos democráticos. Neste sentido, a nosa Organización xa se ten pronunciado nos seus principios ideolóxico-políticos, nos que se afirma que a posición de Galiza no entamado económico mundial se atopa na periferia, extravertida cara o centro do capitalismo e submetida a unha evolución na que

somente experimenta fases de crecemento e de crise reflexo da súa situación de dependencia a distintos niveis.

Porén, máis de trinta anos despois, non se teñen proposto no marco teórico novos elementos referenciais que permitan unha mellor adaptación do socialismo sobre a cuestión nacional galega. A nosa Nación debe seguir sendo entendida como unha colonia interior, mais agora dotada dun mínimo autogoberno, e inserida nun proceso de unidade europea que nos ven dado.

Se ben é certo que os mecanismos políticos alcanzados pola Nación galega através do Estatuto de Autonomía non satisfacen ao nacionalismo galego no seu conxunto, si o é o feito de teren permitido abondar no camiño cara a liberación nacional e no asentamento meridiano dun discurso que permite o incremento da consciencia nacional. Isto non impede a evidente vontade de Esquerda Nacionalista, e do conxunto do nacionalismo galego, de ultrapasar este marco institucional na procura do recoñecimento da nosa soberanía nacional.

A entrada de Galiza na Unión Europea materializa o submetimento no noso País, xa non samente á vontade do Estado español, senón ás demandas económico-financeiras e políticas do liberalismo dominante nas últimas décadas nos países máis poderosos da UE. A incógnita do papel político que poden desempeñar no futuro as institucións europeas non debe significar que o principal ámbito na loita pola nosa liberación nacional deixe de ser Galiza, mais non se debe dudar que este novo espazo político vai xogar un importante papel no futuro do noso Pobo. Isto non obsta a que Esquerda Nacionalista demande a renegociación da integración do noso País na Unión Europea.

Desde estas dúas variábeis, debémonos ubicar os socialistas galegos na procura de solucións á situación de subdesenvolvemento da Galiza, respondendo ás dinámicas propias da condición periférica da nosa nación, dentro do Estado español e da Unión Europea.

Galiza e o pensamento único

A isto último hai que agregar o feito de o desenvolvemento dos medios de comunicación e o asentamento do que se dá en chamar a aldea global, ten contribuído a espallar entre a nosa cidadanía expectativas, cando a realidade é ben diferente. Con efecto, o conxunto da cidadanía galega asume valores sociais, propios das sociedades desenvolvidas, cuxas necesidades materiais están xa resolvidas, como consecuencia dos discursos espallados através dos mass media, e da vontade das oligarquías socio-económicas de implantar un pensamento único. Esta demostración da interrelación entre a estrutura e a superestrutura, xunto co contexto anteriormente expreso debe obrigarnos aos e ás socialistas a replantexar o plano no que se debe desenvolver a liberación nacional da Galiza.

Crítica ao totalitarismo

Durante os anos oitenta o pensamento e a práctica da esquerda entrou en convulsión, principalmente na Europa, en consecuencia fundamentalmente da descomposición final do bloco soviético, conducindo a un profundo proceso de reflexión. As conclusións ratificaron ao socialismo europeu, co que sempre tiveron importantes vínculos os socialistas do nacionalismo galego, na súa histórica oposición a toda clase de totalitarismo, tanto como etapa provisoria no tránsito a un pretendido modelo definitivo, como etapa final. Neste punto concorda Esquerda Nacionalista que o marxismo-leninismo conduciu á construción de modelos políticos que supuxeron a negación das liberdades e dereitos individuais en nome de Estados que en nengún momento significaron a implementación de prácticas marxistas.

Respostas da social-democracia

No entanto, durante esta etapa, a resposta dos partidos socialistas europeos expresouse de forma reactiva nunha maior moderación e mesmo nun afastamento das premisas marxianas e na maior permeabilidade perante o capitalismo. Porén, o impacto destas modulacións foi diferente no conxunto do continente.

Houbo que esperar até a década actual para que o socialismo fora capaz de superar os atrancos ideolóxicos materializándose en resultados eleitorais. Os exemplos máis paradigmáticos e representativos son o da República francesa e o da Gran Bretaña.

No primeiro caso, o goberno Jospin significou un aprofundamento nas raigames no papel que, desde o socialismo, debe desempeñar o Estado. Estas prácticas políticas que se deron en chamar sociais-democratas teñen demostrado a súa validez na manutención do Estado do Ben-estar e na implementación de políticas públicas conducentes a expresar o ideario socialista de igualdade e xustiza social. Frente a isto, os pasos dados polo laborismo británico, no que se deu en chamar a terceira vía, supoñen na realidade un claro achegamento a prácticas do neoliberalismo, no seu afán de capitalizar un papel activo no proceso de construción da Unión Europea e superar a hexemonía política dos conservadores británicos. Os planos de reducir os impostos sobre gaños, eliminar programas de asistencia social,... constituen unha regresión a políticas superadas, propiciada por oligarquías económicas.

Ao Socialismo pola vía da Reforma

Se ben é certo que o noso marco nacional é diferente, non o é o feito de que os avances conseguidos polo nacionalismo e polo socialismo viñeron da man da reforma e non da revolta. As reformas tamén poen estar dotadas de contido revolucionario, e non deben implicar, en nengún caso, o afastamento das premisas orixinarias do socialismo.

En todo caso, no momento en que o capitalismo soubo difuminar as diferenzas entre as clases sociais, e modular as relacións das forzas de produción, as posibilidades de materializar procesos estritamente revolucionarios son practicamente ínfimas. Na actualidade, a construción sólida da consciencia de clase, previa á liberación da clase traballadora, vése entorpecida pola composición socio-económica e da estrutura de clases da sociedade galega. Efectivamente, o capitalismo soubo diluir as fronteiras tradicionalmente definidoras do proletariado e das clases traballadoras, creando operarios de “lapela branca”, aristocracia operaria e, no caso galego, xerando un importante grupo social de pequenos e medios empresarios e propietarios en rexime de autoexplotación cunha autoubicación socio-económica afastada das súas realidades.

Esta tesitura inviabiliza a todas luces ortodoxias revolucionarias, sendo a única saída posíbel para o decorrer do socialismo na Galiza un camiño que signifique o logro de substantivas melloras para os distintos sectores da sociedade galega, atendendo a criterios redistributivos e á socialización dos meios de produción. O desenvolvemento endógeno e autocentrado, cunha ampla planificación descentralizada da nosa economía, atendendo á nosa estrutura socio-económica debe derivar no deseño da convivencia dun sector estratéxico con carácter público ou semipúblico, cun sector cooperativo nas ramificacións económicas de maior dimensión social e cun outro sector privado nos outros planos da actividade económica.

Se o socialismo significa, entre outras consideracións, a procura realista de políticas aproximativas ao pleno emprego, a redistribución da renda, unha ampla implementación de políticas asistenciais, o planeamento económico e a socialización da industria, o exemplo do modelo sueco e as súas continuadas reformas ao longo do tempo é o máis próximo á materialización do socialismo.

Na actualidade a transformación social somente pode ser fruto de reformas (polo menos no noso contexto histórico e social) sempre e cando estas sexan practicamente irreversíbeis, de efectos acumulativos, conducentes a novas formas dirixidas cara ao lóxico desenvolvemento do socialismo. Isto é, as reformas non deben ser entendidas como respostas circunstanciais a dinámicas puntuais apresentadas polo capitalismo, senón que deben ser un camiño de evolución progresiva cara o socialismo

A Unidade do Socialismo Nacionalista

Como xa se ten exposto anteriormente, os principios ideolóxico-políticos de Esquerda Nacionalista sempre estiveron vinculados a propostas políticas que hoxe en día encaixan cunha concepción marxista non dogmática da sociedade e mesmo está relativamente vinculada ao ideario político do histórico socialismo galego.

A partir destas vixentes premisas, Esquerda Nacionalista ten a obriga de habilitar vías conducentes a unha maior e máis definida expresión organizada

do socialismo dentro do marco do nacionalismo galego. Isto debe implicar esforzos conducentes á unidade de acción, e mesmo organizativa, das diferentes percepcións do socialismo no seo da Frente, co obxectivo de reforzar a identidade de que o socialismo galego ten como única expresión real a existente dentro do BNG. Aliás, e na mesma liña, e co fin de contribuírmos á consolidación do BNG como forza de goberno, o discurso político de Esquerda Nacionalista será unha porta aberta á configuración no futuro dun goberno para Galiza progresista, solidario e de esquerdas.

III Asemblea Nacional, Vigo 1999